

O PRINCIPIÑO EN MADAGASCAR

Baseado nunha historia real

RAQUEL GALAVÍS

TELÉFONO
6205220844

MAIL
CONTACTO@
RAQUELGALAVIS.COM

Guión orixinal de
Raquel Galavís e
Alvaro Sanz
inspirado na obra
“OPrincipiño”

Fotografías e
vídeos orixinais
de Alvaro Sanz.
Realizadas en
Madagascar en
Outubro 2007



INTRODUCCIÓN

O LIBRO ORIXINAL

O libro “O Principito” foi escrito en 1943 polo piloto de aviación francés Antoine de Saint-Exupery. Unha das obras máis importantes de noso século tanto no mundo adulto como no infantil. A súa riqueza intelectual e metafórica convertéronlle no libro máis traducido da historia por diante de “A Biblia” e “O Capital” de Karl Marx. Nel cóntase a historia dun neno que viaxa por diferentes planetas atopando neles personaxes que representan algúns defectos humanos.

Ao chegar á Terra coñecerá a un piloto co que manterá unha relación moi especial.

O DOCUMENTAL

Toni Arbones é un aventureiro de 40 anos e pioneiro da escalada deportiva no noso país. Subiu aos cumes máis arriscadas do planeta, desde a Patagonia as Nameless Tower en Pakistán. Conseguiu casi todo, pero últimamente está triste. A súa ilusión

comenzou a desaparecer. Un día recibe un curioso encargo: o seu irmán, o maior coleccionista do mundo da obra “O Principiño” lle pide que lle consiga o último exemplar que lle falta para completar a súa colección: a versión do libro escrita en Malgache, a lingua oficial de Madagascar.

Toni viaxará a África para atopalo e no seu periplo redescubrirá algunhas cousas que cría esquecidas. O Toni que regresa desta viaxe recuperara algo fundamental; recuperará a mirada do neno que todos levamos dentro.



GUIÓN

O espectáculo propon dous planos coordinados, a narración oral e a visual. O primeiro estará protagonizado por un contacontos “O Principiño” que narrará as aventuras do escalador. O segundo contará con imáxes documentais reais de Toni Árbones na súa aventura. Éste vai buscando un libro por encargo do seu irmán, o libro do noso contacontos, pero tal vez tamén vaia buscando ao verdadeiro principiño e quizáis algunha cousa máis... Alternando narración e audiovisuais, os nenos adentraránse nun mundo de metáforas nun país afastado: Madagascar. Coñecerán como viven e se divirten os nenos africanos á vez que sentirán a emoción da aventura. Se lles falará sobre as diferencias culturais, a solidariedade, a imaxinación, a ilusión, o respecto á diversidade...



“Os nenos son os únicos que saben o que buscan, perden o tempo cunha boneca de trapo que se converte nunha cousa moi importante” O Principiño ao gardavías)

OS PERSONAXES E AS SÚAS METÁFORAS

Durante a viaxe, o protagonista Toni coñecerá a diferentes persoas, animais e situacións que servirán para achegar aos nenos a África:

LÉMUR

O lémur ensinará ao escalador algunhas técnicas que él descoñece para poder subir ás montañas máis altas, incluso ás árbores. Toni está convencido de que o home e o animal máis listo do planeta e de que o pequeno lémur non é tan forte como él, pero pronto descubrirá que se equivoca. Este personaxe fará que Toni se de conta de que o ser humano deixou de escoitar á natureza, da que tanto podemos aprender.

XOGANDO COA IMAXINACIÓN

En Madagascar non existen consolas de videoxogos nin bonecas, pero si existe a imaxinación e a alegría de xogar. Os nenos e Toni gozaran no mar con barcos de madeira que eles

mesmos constrúen, a pesar dos poucos recursos cos que contan, e o noso aventureiro reflexionará sobre o valor dun sorriso.

O TREN


Na nosa sociedade todo o mundo parece vivir tenso. Non temos tempo para nada. En cambio en Madagascar só existe un tren, cun só traxecto e sen horarios. É un tren sen presa, chega cando chega. Toni darase conta da relatividade do tempo.

OS NENOS MARÍÑEROS

Nun poboado cercano a Andavadoaka, os nenos ensinarán a pescar ao noso protagonista. Cun artiluxio rudimentario demostraranlle as súas habilidades e como conseguir o sustento diario. O escalador sorprenderase ante a valentía e coraxe dos pequenos.

A NAVE ESPACIAL ESTROPÉASE

Ao igual que na historia orixinal de “O principiño”, o medio de transporte de noso



“Os europeos tedes os reloxos, nós temos o tempo” (Ancián en África)

escalador sofre unha avería no deserto. Neste lugar solitario é difícil atopar unha solución, pero cando todo parece perdido, xurdirán da nada un montón de mans dispostas a axudar. Toni darase conta do que significa a solidariedade en África.

O PRINCIPIÑO

Será noso particular “contacontos”, o obxectivo da procura de Toni e o que nos contará as aventuras de este en África . Buscado por moitos outros homes antes que Toni, será o nexa de unión entre a historia visual e a que se creará na imaxinación dos nenos. Ao final, quizáis, só quizáis, desvelaranos o segredo para poder atoparlle en calquera lugar do mundo.



“Os ollos son cegos, tense que buscar co corazón” (O Principiño ao piloto)

OBXECTIVOS

Combinando o aspecto lúdico co pedagóxico trataremos de acercar aos nenos a un novo país, Madagascar. Coñeceremos a súa cultura, os seus valores, xeografía, biodiversidade e a infancia.

Á vez ensinaremos a obra do escritor Saint-Exupéry, "O Principiño" e divertiremonos coas aventuras de Toni o escalador, introducíndonos nun mundo de cor e ilusión.

ASPECTOS TÉCNICOS

PÚBLICO

Dirixido a nenos de 5 a 12 anos.



“Desde unha montaña alta como esta poderei ver dunha sola ollada todo o planeta e aos homes” (O Principiño á flor do deserto)

DURACIÓN

50 minutos, nos que alternarase a narración con imáxes reais proxectadas e escenas fotográficas.

NECESIDADES TÉCNICAS

Sala con posibilidade de escurecemento parcial. Toma corrente 220v.